

MODELOS NORMALIZADOS PARA A PRESENTACIÓN DAS AXUDAS

Atópanse a disposición dos interesados nas oficinas do GDR e na web:
<https://sede.xunta.gal/detalle-procedemento?codtram=MR701D>



asdecomor
Asociación de Desenvolvemento
Comarca de Ordes

ASDECOMOR ASOCIACIÓN DE DESENVOLVEMENTO COMARCA DE ORDES

TERRITORIO:

Cerceda



Frades



Mesía



Ordes




Oroso



Tordoia



Trazo



MÁIS INFORMACIÓN NA SEDE DE ASDECOMOR:

Oficina Comarcal da Xutna de Galicia
Primeiro Andar Rúa Galicia, s/n
15680 Ordes (A Coruña)

Teléfono: 981 697 832
Móbil: 669 138 252
Mail: asdecomor@telefonica.net
Web: www.asdecomor.com

asdecomor
Asociación de Desenvolvemento
Comarca de Ordes

agader



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



asdecomor
Asociación de Desenvolvemento
Comarca de Ordes

as túas ideas no rural tamén contan
ata 200.000€ por proxecto
**MEDIDA
LEADER
2014-2020**

A MEDIDA LEADER GALICIA 2014-2020

Se queres emprender unha iniciativa ou precisas ampliar ou modernizar a túa empresa na Bisbarra de Ordes, podes acollerte ó plan de axudas da medida LEADER 2014-2020. Presenta o teu proxecto no GDR “ASDECOMOR”. As axudas Leader destinadas a execución de proxectos de desenvolvemento rural e xestionadas pola Asociación de Desenvolvemento Comarca de Ordes, teñen como finalidade de mellorar a calidade de vida e a gobernanza dos habitantes do territorio, fomentar a diversificación económica e mobilizar o potencial do territorio rural.

TERRITORIO ELEXIBLE

Confórmano os Concellos de:
Cerceda, Frades, Mesía, Ordes, Oroso, Tordoia e Trazo



BENEFICIARIOS

- Poderán ser beneficiarios deste tipo de axudas:
- As persoas físicas de carácter privado
 - As entidades públicas de carácter local ou comarcal, macomunidades, consorcios e entidades dependentes das anteriores
 - As comunidades de montes veciñais e man común e as súas mancomunidades

TIPOLOXÍA DE PROXECTOS SUBVENCIONABLES

REQUISITOS XERAIS DOS PROXECTOS

- Estar localizados no ámbito de actuación do GDR “ASDECOMOR”
- Ser viables técnica, económica e financeiramente no caso de proxectos produtivos, e técnica e financieramente no caso de proxectos non produtivos
- Axustarse á normativa sectorial que lle resulte de aplicación
- Que o investimento non estea iniciado na data de presentación da solicitude de axuda
- Ser finalistas, é dicir, que na data da xustificación final dos investimentos subvencionados, cumpran cos obxectivos e as función para os que se lles concedeu a axuda

PROXECTOS NON PRODUTIVOS

Aqueles que teñen un interés público ou colectivo

Prioridade alta	
• Servizos de igualdade e benestar á poboación	Importe máximo da axuda: 90 % Importe mínimo axuda: 71 %
• Implantación de TICs no medio rural	
• Proxectos que preserven o Medio Ambiente, mitíguen o cambio climático ou reduzan as emisións	
Prioridade media	
• Actuacións de recuperación patrimonial, paisaxística e etnográfica	Importe máximo da axuda: 70 % Importe mínimo axuda: 51 %
• Centros de promoción de recursos Puntos de Información Turística. Ludotecas, áreas recreativas	
• Centros sociais	

Prioridade baixa		
• Instalacións deportivas	Importe máximo da axuda: 50 % Importe mínimo axuda: 30 %	
• Sinalización de recursos turísticos		
• Participación en certames, feiras, edición de material ou eventos de difusión vinculados á valorización dos recursos do territorio		
• Outros proxectos, que sendo subvencionables, non están recollidos como de prioridade alta ou media		

PROXECTOS PRODUTIVOS

• Sector da produción agraria primaria	Importe máximo da axuda: 50% Importe mínimo axuda: 20 %	
• Transformación e comercialización de produtos agrarios e forestais		
• Diversificación das explotacións agarias cara a actividades non agrarias		
• Creación, ampliación e modernización de todo tipo de empresas que desenvolvan actividades non agrarias		

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Via electrónica. Obrigatoria para as persoas xurídicas de carácter privado, as entidades públicas de carácter local ou comarcal (concellos, mancomunidades, consorcios e entidades dependentes das anteriores), comunidades de montes veciñais en man común e as súas mancomunidades. *As persoas non obrigadas á presentación electrónica,* opcionalmete, poderán presentar as solicitudes presencialmente no rexistro do GDR.